

BASES COMPETICIÓN PLAY OFF XUVENIL FEMININA

- **EQUIPOS PARTICIPANTES:**

Os equipos participantes nos Play Off serán os mesmos que na Copa Galicia,.

EQUIPOS PARTICIPANTES PLAY OFF			
1	Bm. Porriño "A"	9	De Pueblo Carnicería Bm. Pabellón
2	Calfrima Carballal	10	Hierros Varela Urbieta Xiria
3	UB Lavadores Vigo	11	Bm. Culleredo Rafergal
4	SAR Rodavigo	12	Bm. Brigantium Epticom
5	Coreti Lalín	13	SD Teucro
6	Mecalia Atl. Guardés	14	Seis do Nadal Coia
7	Bm. Cangas	15	Os do Couto Durán Barcia Bm Cañiza
8	Rasoeiro Bm.	16	Bm. Porriño B

Os equipos en verde son os cabeza de serie, resultantes da clasificación da Fase de Grupos de Copa Galicia (clasificados para oitavos de final, diferenciando primeiros e segundos de grupo).

- **FORMATO DE COMPETICIÓN E DATAS:**

Os dezaseis equipos divídense en catro grupos distribuídos do seguinte xeito:

- ✓ 4 grupos de catro equipos

O formato de competición será tipo sector, enfrontándose todos contra todos a unha soa volta e nunha mesma sede.

- Datas Play Off: 1, 2 e 3 de Outubro de 2021.
- Enfrontamentos:

Os enfrontamentos levaranse a cabo do seguinte xeito:

01/10/2021	02/10/2021	03/10/2021
1-3	4-3	3-2
4-2	2-1	1-4

- Horarios:

O equipo organizador poderá establecer os horarios sempre e cando se respecten as seguintes premisas:

- ✓ O 01/10/2021, os equipos que se atopan a máis de 100 km. de distancia non poderán xogar antes das 19:00 horas.
- ✓ O 02/10/2021 e o 03/10/2021 os equipos que se atopan a máis de 100 km. de distancia non poderán xogar antes das 10:30 horas.
- ✓ Os dous encontros de cada xornada deberán disputarse de xeito contiguo, é dicir, un despois doutro.
- ✓ Calquera destas premisas poderá ser anulada por acordo escrito de todos os equipos implicados no grupo de Play Off.

• **GRUPOS:**

Os grupos resultantes do sorteo foron:

GRUPO 1		GRUPO 2
1	Bm. Porriño "A"	SAR Rodavigo
2	Mecalia Atl. Guardés	Bm. Cangas
3	De Pueblo Carnicería Bm. Pabellón	Bm. Brigantium Epticom
4	Os do Couto Durán Barcia Bm Cañiza	SD Teucro

GRUPO 3		GRUPO 4
1	UB Lavadores Vigo	Calfrima Carballal
2	Rasoeiro Bm.	Coreti Lalín
3	Seis do Nadal Coia	Bm. Porriño B
4	Bm. Culleredo Rafergal	Hierros Varela Urbieta Xiria

- **SEDES:**

Os equipos organizadores dos Play Off son os cabezas de serie (primeiros na Fase de Grupos de Copa Galicia), se algún equipo quere renunciar á organización deberá comunicalo antes do **20 de setembro ás 20:00 horas**, enviando un e-mail a competitions@fgbalonman.com. En caso de renuncias, os dereitos de organización seguirán a orde de cada un dos grupos de Copa Galicia.

En caso de renunciar á organización fora de prazo, o incumprimento do prazo será trasladado ao Comité de Competición da FGBm.

- **EQUIPOS CLASIFICADOS PARA LIGA OURO:**

Os dous primeiros de cada grupo e os dous mellores terceiros clasificados ao remate do Play Off, acadarán os dereitos deportivos para a participación na Liga Ouro 21-22; mentres que o resto de equipos pasarán á Liga Prata 21-22.

En caso de que dous equipos do mesmo club (Bm Porriño) se clasifiquen dentro dos postos que dan dereito a xogar na Liga Ouro 21-22, tan só un equipo poderá participar na mesma; previamente á disputa dos Play Off estes clubs, escolleron aos seguintes equipos para participar na Liga Ouro de darse esta circunstancia:

- ✓ Bm Porriño: Bm Porriño "A"

Neste caso, as prazas vacantes outorgaríanse seguindo a clasificación co criterio FGBm.

- **DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIAS:**

Todas as cuestións que non se atopan recollidas nestas bases, serán reguladas pola normativa vixente da FGBm e no Regulamento de Partidos e Competicións da RFEBM.